



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Vista a necesidade existente na Área de Benestar Social de iniciar o procedemento para a posta en marcha da programación de actividades sociais de envellecemento activo para o curso 2023-2043 dirixidas ás persoas maiores de 55 anos do Concello de Bergondo, solicitei á técnica de integración social un informe proposta das actividades sociais que se executarán desde outubro de 2023 ata xuño de 2024, así como as bases e demais documentación que o expediente requira.

Logo de ver o informe emitido o 18/08/2023 pola técnica en integración social, Serezabel Rodríguez Rico, co conforme da concelleira delegada de Benestar Social, M^a. Begoña Calviño Dorado,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a realización das actividades que constan no informe proposta da técnica en integración social e que se transcriben a continuación:

ACTIVIDADES SOCIOEDUCATIVAS E PREVENTIVAS		
ACTIVIDADE	INSTALACIÓN	HORARIO/DÍA
Tecnoloxías dixitais	Ciberaula do edificio A Senra	Manexo do ordenador: martes de 11.00 a 12.30 Manexo do móbil: martes de 11.30 a 13.00
Creación audiovisual	Edificio A Senra	Martes ou xoves de 10.00 a 12.00
Memoria activa	Centro social de Ouces Antonia Pato Pardo	Luns de 16.30 a 18.00
	Local social do edificio A Senra	Luns de 18.15 a 19.45
	Centro social de Lubre María Fernández Sánchez	Martes de 16.30 a 18.00
	Centro social de Guísamo María Miramontes Matos	Martes de 18.15 a 19.45
	Centro social de Cortiñán	Mércores de 16.30 a 18.00
	Centro social de Vixoi Luisa Viqueira Landa	Mércores de 18.15 a 19.45
Inglés	Local social do edificio A Senra	Iniciación: mércores de 17.00 a 18.00 Avanzado: mércores de 18.00 a 19.00
Saudablemente	Centro social de Vixoi Luisa Viqueira Landa	Martes de 16.30 a 18.00
	Centro social de Cortiñán	Martes de 18.15 a 19.45



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

	Centro social de Guísamo María Miramontes Matos	Mércores de 16.30 a 18.00
	Centro social de Lubre María Fernández Sánchez	Mércores de 18.15 a 19.45
	Centro social de Ouces Antonia Pato Pardo	Xoves de 16.30 a 18.00
	Local social do edificio A Senra	Xoves de 18.15 a 19.45

ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS		
ACTIVIDADE	Nº DE ACTIVIDADES	DÍAS
Saída sociocultural de fin de semana	1 (55 prazas)	Por determinar
Encontro de maiores	1 (400 prazas)	1º domingo de xuño

Segundo: Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria.

PROPOSTA DE BASES DAS ACTIVIDADES DE ENVELLECIMENTO ACTIVO. CURSO 2023-2024

1.- Prazo de presentación de solicitudes:

- Do 11 ao 15 de setembro de 2023.

2.- Horarios e formas de presentación de solicitudes:

Poden elixir unha das seguintes opcións:

- Vía E-mail: desde as 00.00h. do día 11 de setembro ate as 00.00h. do día 15 de setembro no correo electrónico servizos.sociais@bergondo.gal (indicando no concepto: *Preinscrición actividades envellecemento activo*) Enviárase confirmación da solicitude vía e-mail.
- Vía formulario on-line: desde as 00.00h. do día 11 de setembro ate as 00.00h. do día 15 de setembro no formulario <https://forms.gle/F6Zvm7WGb2ZTppXW7>
- Vía telemática a través da sede electrónica municipal desde as 00.00h. do día 11 de setembro ate as 00.00h. do día 15 de setembro. <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/>
- Vía presencial: de 9.00h. a 14.00h. no Departamento de Servizos Sociais do día 11 ao 15 de setembro.

3.- Listaxes provisionais: O día **19 de setembro** publicaranse na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais.

4. Prazo de reclamacións: O prazo de reclamacións ás listaxes provisionais será os días 20 e 21 de setembro. En caso de que haxa máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público o día **22 de setembro** á 10.00 no Departamento de Servizos Sociais

5.- Listaxes definitivas: O día 22 de setembro, no taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais e na páxina web do concello, publicaranse as listaxes definitivas das actividades e das que non saen por non acadar un mínimo de solicitudes.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

6. Pago das actividades: do 25 ao 29 de setembro. Se rematado este prazo, as persoas admitidas por sorteo non realizan a inscrición, serán substituídas polas que figuran na lista de reserva.

7.- Terán preferencia para acceder ás prazas s persoas empadroadas neste concello.

8.- As actividades comezarán o día 9 de outubro de 2023 e finalizan o 21 de xuño de 2024.

9. Reducións de cotas:

- 50% para familias numerosas.
- 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais.
- 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidas, previo informe da Área de Benestar Social.
- 50% para as persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude un xustificante da oficina de emprego, cuxa data coincida co período de preinscrición.

Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.

10. O Concello de Bergondo resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, monitores, de facer reagrupamentos etc. que se consideren necesarias; ou anular algunha actividade, por motivos organizativos.

11. As persoas participantes ou representantes que participan ou realizan as solicitudes nas actividades de envellecemento activo 2023-2024

- Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
- Autorizan a ceder os datos persoais da solicitude á empresa ou empresas que impartirán as actividades.
- Autorizan a utilizar as fotografías, vídeos ou diferentes materiais audiovisuais das actividades para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos etc.
- Dacordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informase de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunícase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da sede electrónica.

Terceiro.- Aprobar o modelo de solicitude de inscrición (ver anexo).

Cuarto.- Publicar estas bases no taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Bergondo e na páxina web do Concello.

En Bergondo, luns 21 de agosto de 2023



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

Dou fe; a secretaria accidental

Aurelia María Basanta García



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Anexo



SERVIZOS SOCIAIS PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Datos relativos á persoa interesada

Apelidos e nome	NIF	Teléfono 1	Teléfono 2
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Enderezo	Código postal	Poboación	Concello
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Datos relativos á persoa representante

Apelidos e nome	NIF	Teléfono 1	Teléfono 2
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Enderezo	Código postal	Poboación	Concello
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Medio preferente de notificación

Postal Telemático Correo electrónico* (ver pé de páxina)

¿Empadroada/o no Concello de Bergondo? SI NON

Actividade/s que solicita

<input type="checkbox"/> Tecnoloxías dixitais (manexo do ordenador) A Senra. Martes de 10.00 a 11.30	<input type="checkbox"/> Creación audiovisual. Martes ou xoves de 10.00 a 12.00	<input type="checkbox"/> Memoria activa Ouces: luns de 16.30 a 18.00 <input type="checkbox"/> Memoria activa Bergondo: luns de 18.15 a 19.45 <input type="checkbox"/> Memoria activa Lubre: martes de 16.30 a 18.00 <input type="checkbox"/> Memoria activa Guísamo: martes de 18.15 a 19.45 <input type="checkbox"/> Memoria activa Cortiñán: xoves de 16.30 a 18.00 <input type="checkbox"/> Memoria activa Vixoi: xoves de 18.15 a 19.45	<input type="checkbox"/> Inglés iniciación A Senra. Mércores de 17.00 a 18.00 <input type="checkbox"/> Inglés avanzado A Senra. Mércores de 18.00 a 19.00	<input type="checkbox"/> Saudablemente Vixoi: martes de 16.30 a 18.00 <input type="checkbox"/> Saudablemente Cortiñán: martes de 18.15 a 19.45 <input type="checkbox"/> Saudablemente Guísamo: mércores de 16.30 a 18.00 <input type="checkbox"/> Saudablemente Lubre: mércores de 18.15 a 19.45 <input type="checkbox"/> Saudablemente Ouces: xoves de 16.30 a 18.00 <input type="checkbox"/> Saudablemente Bergondo: xoves de 18.15 a 19.45
<input type="checkbox"/> Tecnoloxías dixitais (manexo do móbil) A Senra. Martes de 11.30 a 13.00				

Autorizo ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Bergondo para consultar:

Datos relativos ao empadramento da persoa solicitante.

Bergondo, de de 2023

Sinatura da persoa interesada ou representante legal

*No caso de indicar como medio de notificación o telemático, o Concello de Bergondo utilizará a plataforma [Notifica.gal](http://notifica.gal) para as súas comunicacións electrónicas co Interesado, á que deberá acceder para obter a notificación, autorizando a que o Concello, no caso de que non estea dado de alta, proceda á súa alta. A plataforma Notifica.gal remitirá os avisos de posta a disposición das notificacións ó correo electrónico que se indique na solicitude. Só se poderá acceder á notificación cun certificado electrónico ou con Chave365.

Cláusula xeral: De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), informaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento da área / departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do RXPD: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello e, os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Bergondo con dirección em Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do conceodpd@bergondo.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/>.